A ENAC RENOVA A ACREDITACIÓN DE CALIDADE AO LABORATORIO DE ANÁLISES CLÍNICAS DO HULA

A Entidad Nacional de Acreditación recoñece a calidade de todo o proceso de traballo desenvolvido polos profesionais do laboratorio, dende a toma das mostras (Preanalítica) ata a entrega dos resultados (Postanalítica)

Esta acreditación supón un valor engadido en canto á fiabilidade dos resultados das máis de 4.500.000 determinacións que analizan cada ano

Foi o primeiro Laboratorio de Análises Clínicos do SERGAS que obtivo unha acreditación de calidade conforme ás esixencias da Norma ISO 15189.

Lugo, 7 de xullo de 2017 - O **Laboratorio de Análises Clínicas do Hospital Universitario Lucus Augusti continúa na senda da excelencia** e segue a dar pasos que avalan a súa competencia técnica e a calidade de todos e cada un dos procesos que nel se levan a cabo.

Así hai uns días a **Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) renovou a acreditación ISO 15189:2013**, concedida no seu momento ao Servizo de Análises Clínicas do Hospital Universitario Lucus Augusti e ampliou o seu alcance, detallado no Anexo Técnico embaixo.

A concesión de dita acreditación conforme á Norma UNE-EN ISO 15189:2013 (Laboratorios Clínicos: requisitos particulares relativos a la calidad y a la competencia) supón un recoñecemento obxectivo e unha constatación da competencia técnica de todo o equipo de profesionais que forma parte do Laboratorio de Análisis Clínicas do Hospital Universitario Lucus Augusti, así como da idoneidade dos procesos que empregan e dos recursos técnicos utilizados.

O Laboratorio de Análises Clínicas do Hospital Lucus Augusti **foi o primeiro laboratorio da rede SERGAS** que conseguiu unha acreditación de calidade segundo a Norma Europea UNE-EN ISO 15189. No ano 2009 superou a súa primeira auditoría externa realizada pola ENAC, que se materializou na consecución da súa primeira acreditación. Dende entón, e ata o día de hoxe, o Servizo de Análises Clínicos, non só superou un traslado desde as súas instalacións orixinais ata o actual Hospital Lucus Augusti, senón que ademais superou con éxito varias auditorías internas e externas realizadas por ENAC.

A norma de acreditación internacional **ISO 15189:2013** esixe uns amplos e estritos requisitos relativos á calidade e competencia que deben reunir os laboratorios de análises clínicas para poder seren acreditados e avalar así a súa excelencia técnica.

Polo tanto, **a concesión de dita acreditación por parte da ENAC supón un valor engadido en canto á fiabilidade dos resultados analíticos**, que se traduce nunha **maior confianza e seguridade**, tanto para o paciente como para os profesionais responsables da súa asistencia.

O **Laboratorio de Análises Clínicas do Hospital Lucus Augusti é o Laboratorio de referencia para a área sanitaria de Lugo** e da provincia.

Desta maneira, dende xaneiro do 2015 centralizóuse nel todo o **Laboratorio externo da EOXI Lugo,** así os Hospitais de Monforte y Burela derivanas probas que eles non realizan para ser procesadas no **HULA**, o que supon un aforro de costes, ou para enviar a Laboratorio externo concertado**.** Para isto foi necesario crear un **Petitorio electrónico unificado** con ditos hospitais e os resultados das determinacións se integran na Historia Clinica do paciente, para ser visualizadas polos médicos peticionarios.

A súa misión é ofrecer os servizos de información en análisis clínicas para **dar soporte ás decisións clínicas, diagnósticas e terapéuticas** que demanda o sector sanitario a través da súa carteira de servizos, cos niveis de calidade técnica que marcan os referentes internacionais e coa calidade do servizo que merece o usuario, xa sexa o paciente ou o profesional sanitario.

No ámbito da actividade sanitaria o Laboratorio **participa no diagnóstico, seguimento e prevención das enfermidades por medio da observación**,

Clasificación

Categorías:

- Temas, Sobre a nosa organización, Calidade, Os nosos centros, Hospitais
- Servizos asistenciais, A nosa organización, Servizos Centrais
- Colectivos, Cidadanía e Pacientes, Profesionais, Empresas e Provedores

Etiquetas:

- acreditación, calidad, análisis clínicos, Hospital Lucus Augusti, ENAC

transformación e medida cualitativa e cuantitativa das mostras biolóxicas.

Un servizo esencial

O Servizo de Laboratorio é esencial para a asistencia ao paciente e é un servizo clave dentro do funcionamento de calquera hospital. Polo tanto, teñen que traballar de forma que satisfagan as necesidades de todos os pacientes e tamén do persoal clínico responsable da súa asistencia sanitaria.

Os seus **servizos** inclúen dende as peticións de análises, a preparación e identificación do paciente, a **toma de mostras, o transporte en neveiras dende os Centros de Saúde e hospitais da EOXI ao HULA, o rexistro, o almacenamento, o procesado e análise das mostras, xunto coa validación, interpretación e comunicación dos resultados obtidos.**

O Laboratorio de Análises Clínicas do Hospital Lucus Augusti conta con arredor de **medio cento de profesionais**. Este servizo realiza unha importante labor asistencial, xa que nel **analízanse, cada ano, máis de 4.500.000 determinacións analíticas.**

A renovación da acreditación é un recoñecemento explícito ao labor de todo o persoal deste servicio, e un acicate para seguir a traballar, segundo as directrices marcadas na súa política de calidade, para ser un referente dentro do sector sanitario público en materia de análises clínicos, asegurando en todo momento a competencia técnica do seu persoal e dos resultados obtidos.

Documentos relacionados

- Anexo técnico 2017